



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL.

No día de hoxe produciuse o falecemento de Ana Belén Castro García, concelleira de urbanismo, vivenda e solo, vías e obras, abastecemento de auga potable e saneamento, parques e xardíns, limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Padrón perde unha servidora pública enormemente comprometida co noso pobo. Unha concelleira competente que dedicou os tres últimos anos da súa vida a traballar para mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza xestionando áreas de grande complexidade. Unha persoa boa e xenerosa comprometida sempre ao cen por cen coa súa familia e sempre disposta a botar unha man en todo aquilo no que podía resultar de axuda.

O Goberno de Padrón, agradece profundamente ter tido a oportunidade de servir ao noso pobo xunto a Ana Castro neste mandato.

Na súa memoria, téndoa sempre presente, o Goberno de Padrón seguirá traballando con toda a capacidade para continuar nesta senda de progreso. Sabemos que é o que Ana Castro quería e así o faremos.

Polo exposto e en uso das facultades que me outorga a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, en sinal de respecto e agradecemento a Ana Belén Castro García,

RESOLVO

Primeiro.- Declarar dous días de loito oficial no municipio de Padrón, que se estenderán desde as 00:00 horas do día de hoxe, 5 de agosto de 2026, ata as 24:00 horas do día 6 de agosto de 2026, con motivo do falecemento de Ana Belén Castro García, concelleira de urbanismo, vivenda e solo, vías e obras, abastecemento de auga potable e saneamento, parques e xardíns, limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Segundo.— Dispoñer que durante os días de loito oficial, as bandeiras exteriores de todos os edificios municipais ondeen a media asta.

Terceiro.— Dar conta do presente Decreto ao Pleno na primeira sesión que realice.

Cuarto.— Ordenar a súa publicación para xeral coñecemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

O Alcalde
(documento asinado dixitalmente)
Asdo. Anxo Rei Arca